

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de setembro de 2024, polo que se outorga a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Coto Frío, sito nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense), e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11).

En cumprimento do disposto no artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, publícase como anexo a esta resolución o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de setembro de 2024, polo que se outorga a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Coto Frío, sito nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11).

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2024

Paula M^a Uría Traba
Directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de setembro de 2024, polo que se outorga a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Coto Frío, sito nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11)

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Coto Frío, S.L., en relación coa modificación da declaración de utilidade pública así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais do parque eólico Coto Frío, constan os seguintes

Antecedentes de feito:

Primeiro. Pola Resolución do 22 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (actualmente Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático), fíxose

CVE-DOG: 5yjggtw6-paj7-xn95-kxw2-9clusya08lj7



público o Acordo do Consello da Xunta, do 3 de agosto de 2017, polo que se outorgaron a autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, e declarou-se a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade cun dereito mineiro do parque eólico Coto Frío, sito nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido pola sociedade Coto Frío, S.L. (IN661A DXIEM-03/11).

Segundo. Pola Resolución do 27 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (actualmente Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático), declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Coto Frío (expediente IN661A DXIEM-03/11), promovido por Coto Frío, S.L., o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Terceiro. O 17 de xuño de 2022, Coto Frío, S.L. solicitou a modificación da declaración de utilidade pública, do parque eólico Coto Frío, coa correspondente relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados, para dar cumprimento ao establecido no artigo 44.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Cuarto. Pola Resolución do 12 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, recoñeceuse como non substancial unha modificación do parque eólico Coto Frío, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (IN661A DXIEM-03/11).

Quinto. Con datas 28 de febreiro de 2023 e 24 de maio de 2023, tivo entrada nesta dirección xeral a actualización da documentación relativa á relación de bens e dereitos afectados resultantes para a configuración final do proxecto do parque eólico Coto Frío.

Sexto. Pola Resolución do 25 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, someteuse a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico Coto Frío, e da súa infraestrutura de evacuación, sito nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11).

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 105, do 5 de xuño de 2023, e nos xornais *La Voz de Galicia* e *La Región* do 5 de xuño de 2023. Así mesmo, remitíuselle para a exposición ao público nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados (Dozón, Piñor e O Irixo), e permaneceu exposto ao público nas dependencias da



Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación das xefaturas territoriais de Pontevedra e Ourense, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

Asemade, a dita resolución estivo exposta no portal web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Durante o trámite de información pública, así como durante a tramitación do expediente, presentáronse alegacións, as cales foron remitidas e contestadas polo promotor.

Sétimo. O 12 de xuño de 2023, a Xefatura Territorial de Ourense emitiu informe indicando que o parque eólico Coto Frío está proxectado en terreos afectados polos seguintes dereitos mineiros:

- Permiso de investigación caducado Cusanca núm. 4886.
- Permiso de investigación caducado Laxedo núm. 4606.1.

Oitavo. O 22 de xuño de 2023, o Servizo de Propiedade Forestal remitiulle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais informes dos servizos de Montes da Consellería do Medio Rural das provincias de Pontevedra e Ourense, con datas 16 de xuño de 2023 e 20 de xuño de 2023, respectivamente, en relación cos aproveitamentos forestais afectados polo parque eólico, indicando que o proxecto afecta:

- A CMVMC de Cardufe e Eirelo.
- A CMVMC de Sanguñedo.
- A CMVMC da Costa.

Na mesma remisión o Servizo de Propiedade Forestal achegou o informe do 16 de xuño de 2023, do Servizo de Montes de Pontevedra, en que indica que consideran que o proxecto do parque eólico tamén deberá contar co informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Noveno. O 7 de xullo de 2023, a Dirección Xeral de Defensa do Monte emitiu informe favorable en relación co proxecto do parque eólico Coto Frío.

CVE-DOG: 5yjggtw6-paj7-xn95-kxw2-9clusya08lj7



Décimo. O 10 de xullo de 2023, Coto Frío, S.L. achegou a documentación relativa aos acordos alcanzados coas comunidades de montes veciñais en man común de Sanguñedo e de Lagorzos-Segade.

Décimo primeiro. O 11 de xullo de 2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais efectuou o trámite de audiencia previsto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, cos titulares dos montes veciñais en man común afectados (Cardufe e Eirelo e da Costa), de acordo cos informes dos servizos de Montes de Pontevedra e Ourense recollidos no antecedente de feito oitavo, concedéndolles un prazo de quince días para presentar as alegacións que estimasen oportunas. Durante o dito prazo, o 2 de agosto de 2023, a CMVMC de Cardufe e Eirelo contestou o devandito trámite de audiencia presentando unhas alegacións que foron trasladadas a promotora o 21 de agosto de 2023, contestando este o 31 de agosto de 2023. O resto das comunidades de montes veciñais en man común afectadas non presentaron alegacións.

Décimo segundo. O 1 de agosto de 2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recibiu do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense un informe en relación co artigo 161 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, no que conclúe indicando: «que nas parcelas afectadas polas instalacións eléctricas proxectadas, salvo erro ou omisión involuntaria ou mellor criterio técnico, non se dá ningunha das limitacións á constitución de servidumes a que se refire o artigo 161.1 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica».

Décimo terceiro. O 23 de agosto de 2023, a Xefatura Territorial de Pontevedra emitiu informe en relación co parque eólico Coto Frío, indicando que «dentro da delimitación xeográfica das infraestruturas e instalacións do proxecto que nos ocupa non constan dereitos mineiros tramitados na provincia de Pontevedra. Polo anterior, non consta incidencia directa sobre dereitos mineiros vixentes tramitados na provincia de Pontevedra».

Décimo cuarto. O 27 de novembro de 2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recibiu do Servizo de Propiedade Forestal informes favorables dos servizos de Montes das xefaturas territoriais de Ourense do 22 de novembro de 2023 e de Pontevedra do 24 de novembro de 2023, en relación co artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais do proxecto do parque eólico Coto Frío, exceptuando a superficie en que se cambie a clasificación do



solo por motivo da súa instalación, e sempre que se cumpra a lexislación vixente sobre a xestión da biomasa dentro da poligonal de ocupación do parque.

No informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense indícase que «segundo os datos que constan nas bases de datos da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, o espazo territorial proxectado para a devandita infraestrutura afecta os seguintes montes veciñais: da Costa, Lagorzos-Segade e Segade».

O 4 de decembro de 2023, Coto Frío, S.L. achegou ante a dirección xeral o contrato de arrendamento entre os veciños de Segade e Coto Frío, S.L., e posteriormente, o 12 de decembro de 2023, Coto Frío, S.L. achegou os acordos asinados coa CMVMC de Segade.

A dita documentación foi remitida á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para a emisión dun novo informe de compatibilidade dos aproveitamentos forestais do proxecto do parque eólico Coto Frío.

O 21 de decembro de 2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recibiu do Servizo de Propiedade Forestal o informe favorable do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense, do 20 de decembro de 2023, en relación co artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais do proxecto do parque eólico Coto Frío, exceptuando a superficie en que se cambie a clasificación do solo por motivo da súa instalación, e sempre que se cumpra a lexislación vixente sobre a xestión da biomasa dentro da poligonal de ocupación do parque.

Décimo quinto. Pola Resolución do 13 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, recoñeceuse como non substancial unha modificación do parque eólico Coto Frío, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (IN661A DXIEM-03/11).

Décimo sexto. O 6 de setembro de 2024, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático recibiu da Sección de Enerxías Renovables do Departamento Territorial de Pontevedra o informe do 5 de setembro de 2024 en relación co artigo 161 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, no que conclúe indicando: «a técnica que subscribe, á vista da dita documentación, e logo das comprobacións realizadas, informa que nas parcelas afectadas polas instalacións eléctricas proxectadas do concello de Dozón (Pontevedra), salvo erro ou omisión involuntaria ou mellor criterio técnico, non se observa ningunha das limitacións á constitución de servidumes a que se refire o artigo 161.1 do



Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica».

Aos antecedentes de feito descritos sonlles de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cúmplíronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente de modificación da declaración de utilidade pública, visto o seu contido e as respostas efectuadas pola promotora, cómpre manifestar o seguinte:

1. No caso de alegacións presentadas con posterioridade á declaración de impacto ambiental, non se admiten, de conformidade co artigo 23 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, por presentárense fóra dos prazos de información pública e consultas regulados nos artigos 21 e 22 da devandita lei.

No caso de escritos recibidos de oposición á declaración de impacto ambiental do 29 de setembro de 2016, segundo o establecido no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, de ser o caso, procedan en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se autoriza o proxecto.

CVE-DOG: 5yggtw6-paj7-xn95-kxw2-9clusya08lj7



2. No caso de alegacións relativas á titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas. Non obstante, corresponde á fase de levantamento de actas previas a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento ...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.

Con respecto ás ofertas económicas realizadas pola promotora, ata a finalización do procedemento expropiatorio a promotora poderá chegar a acordos cos titulares afectados. No caso de non chegar a un acordo amigable, será o Xurado de Expropiación de Galicia o que estableza o prezo xusto dos bens afectados.

Cuarto. No que respecta á compatibilidade do parque eólico cos montes afectados, e de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, finalizado o trámite de audiencia coas CMVMC de Cardufe e Eirelo e da Costa, así como coa achega por parte de Coto Frío, S.L. dos acordos alcanzados coas CMVMC de Sanguñedo, Segade e de Lagorzos-Segade, o 27 de novembro de 2023 e o 21 de decembro de 2023, o Servizo de Propiedade Forestal remitiulle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais os informes dos servizos de Montes das xefaturas territoriais de Pontevedra do 24 de novembro de 2023 e de Ourense do 20 de decembro que, respectivamente, se transcriben a seguir:

«Así, atendendo a todo anteriormente exposto e en cumprimento do artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, emítese informe favorable sobre a compatibilidade do aproveitamento forestal do proxecto do parque eólico Coto Frío, salvo nas zonas de pleno dominio e a súas correspondentes faixas de xestión da biomasa, sempre que se cumpra a lexislación vixente e se teñan en conta os condicionantes citados».

«Polo exposto anteriormente e en cumprimento do artigo 53 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e do disposto no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, emítese informe favorable sobre a compatibilidade da infraestrutura parque eólico Coto Frío, exceptuando a superficie en que se cambie a clasificación do solo por motivo da súa instalación, e sempre que se cumpra a lexislación vixente sobre a xestión da biomasa dentro da poligonal de ocupación do parque».



De acordo co exposto, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte

ACORDO:

Primeiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico Coto Frío, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351, do 17 de decembro) en relación coas parcelas recollidas no anexo I deste acordo.

Segundo. Declarar a compatibilidade do parque eólico cos montes veciñais en man común afectados: Cardufe e Eirelo, A Costa, Sanguñedo, Segade e Lagorzos-Segade.

A presente autorización axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Tal e como queda recollido nos informes do 24 de novembro de 2023 e do 20 de decembro de 2023, emitidos polos servizos de Montes das xefaturas territoriais de Pontevedra e Ourense, respectivamente, mencionados no antecedente de feito décimo cuarto, debe cumprirse a lexislación vixente sobre a xestión da biomasa dentro da poligonal de ocupación do parque durante toda a súa vida útil.

2. Este acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 34.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

CVE-DOG: 5yjggtw6-paj7-xn95-kxw2-9clusya08lj7





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Coto Frío (IN661A DXIEM-03/11) nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense)

Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
1	Janeiro Civeira José	36016A03001002	Dozón	030	01002	Revoltas	Matogueira		7,30	2,69	65,15		143,38
2	Lorenzo Rodríguez Manuel	36016A03000999	Dozón	030	00999	Revoltas	Matogueira		100,10	36,05	159,34	1.133,74	577,78
3	Rodríguez Raimunde María Florentina	36016A03000768	Dozón	030	00768	Revoltas	Matogueira		269,49			588,25	2,66
4	López Feijoo Francisco	36016A03000682	Dozón	030	00682	Valcavado	Matogueira					454,42	
5	Fraga Pérez Rosa	36016A03000679	Dozón	030	00679	Valcavado	Matogueira					148,44	
6	Fraga Fariña Modesto	36016A03001165	Dozón	030	01165	Pena Redonda	Matogueira					136,99	
7	Fraga Pérez Isolina	36016A35401973	Dozón	354	01973	Costa	Labor ou labradío secaño					78,40	
8	Civeira Fariña José	36016A35401975	Dozón	354	01975	Costa	Labor ou labradío secaño					1.242,69	
9	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401977	Dozón	354	01977	Costa	Labor ou labradío secaño		15,95	420,93		5.789,40	360,17
10	Civeira Fariña José	36016A35401142	Dozón	354	01142	Rega Puza	Matogueira					364,46	
11	Janeiro Civeira José	36016A35401144	Dozón	354	01144	Rega Puza	Matogueira					746,62	
12	González Fariñas María	36016A35401146	Dozón	354	01146	Rega Puza	Matogueira					534,67	113,26
14	Cibeira Fariña Áurea	36016A35401114	Dozón	354	01114	Mámoa, A	Matogueira	64,10	133,94	72,36		2.512,46	
15	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401150	Dozón	354	01150	Rega Puza	Matogueira			82,56	106,88	265,25	





Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
16	Janeiro Civeira José	36016A35401152	Dozón	354	01152	Rega Puza	Matogueira			56,51	56,80	102,40	
17	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401317	Dozón	354	01317	Rega Fariña	Matogueira			0,62	112,29	228,32	97,53
18	Fraga Pérez Isolina	36016A35401932	Dozón	354	01932	Pulgan Trozo 5	Matogueira					45,04	
19	Fraga Fariña Modesto	36016A35401915	Dozón	354	01915	Pulgan Trozo 3	Matogueira					564,70	
20	Fraga Fariña Modesto	36016A35401933	Dozón	354	01933	Pulgan Trozo 5	Matogueira					209,59	
22	Fraga Fariña Modesto	36016A03000817	Dozón	030	00817	Abados	Matogueira					1.139,41	
23	Rivela Pereira José	36016A03000878	Dozón	030	00878	Llano Coto	Matogueira					290,60	
24	Pérez Fernández Obdulia	36016A03060002	Dozón	030	60002	Chousa de Vales	Matogueira		6,50			490,10	
25	Civeira Fariña José	36016A03000815	Dozón	030	00815	Abados	Matogueira					266,10	
26	Fraga Pérez Isolina	36016A03000819	Dozón	030	00819	Abados	Matogueira					995,41	
27	Fraga Fariña Modesto	36016A03000877	Dozón	030	00877	Llano Coto	Matogueira					207,07	
28	Rodríguez Cibeira María	32062A07100025	Piñor	071	00025	Chousa Vales	Matogueira				10,74	1.358,33	
29	González Fariñas José	32062A07100028	Piñor	071	00028	Chousa Vales	Matogueira					129,25	
30	Cervela González Albino	32062A07100018	Piñor	071	00018	Chousa de Vales	Matogueira	328,84	1.232,86			2.179,23	460,27
31	Civeira Rodríguez María Luisa	32062A07100021	Piñor	071	00021	Chousa Vales	Matogueira	51,24	1.405,58	18,58	292,16	2.278,30	652,59
32	Ojea Rodríguez María del Carmen	32062A07100012	Piñor	071	00012	Chousa de Vales	Matogueira					1.734,73	
34	García Mato Gumersindo	32036A00800041	O Irixo	008	00041	Val do Puzo	Matogueira			1,96			





Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
35	Hermida Covelo Julio	32036A00800046	O Irixo	008	00046	Val do Puzo	Matogueira			4,32			
36	Hermida Covelo Julio	32036A00800059	O Irixo	008	00059	Val do Puzo	Matogueira			41,76			
37	Dacosta Fernández Emilio	32036A00800007	O Irixo	008	00007	Val do Puzo	Matogueira			38,48			
39	Fraga Pérez José	36016A35401159	Dozón	354	01159	Rega Puza	Matogueira			192,57	210,72		
40	Blanco Fraga María Manuela	36016A35401154	Dozón	354	01154	Rega Puza	Matogueira			48,49	149,11		
41	García Rodríguez Florentina	36016A03000775	Dozón	030	00775	Revoltas	Matogueira			39,00	30,18		154,23
42	Fraga Pérez Isolina	36016A03001055	Dozón	030	01055	Gorgullón	Piñeiral madeiroiro			1.124,36			
43	Nóvoa Fariña Manuel	36016A03001048	Dozón	030	01048	Gorgullón	Matogueira			326,06			
44	Nóvoa Fariña Manuel	36016A03000995	Dozón	030	00995	Abados	Labor ou labradío secaño			692,53			
45	Fraga Pérez Isolina	36016A03000978	Dozón	030	00978	Chousa Abados	Piñeiral madeiroiro			42,21			
46	Novoa Fariña Manuel	36016A35401884	Dozón	354	01884	Coto Fareiña	Matogueira			51,64	40,50		180,79
47	Lorenzo Civeira José María	36016A35401883	Dozón	354	01883	Coto Fareiña	Matogueira			52,81	45,01		202,51
48	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401879	Dozón	354	01879	Coto Fareiña	Matogueira			166,77	121,44		333,59
49	Civeira Fariña José	36016A35401944	Dozón	354	01944	Marco, O	Matogueira			27,50	6,14		
50	Civeira Fariña José	36016A35401983	Dozón	354	01983	Costa	Labor ou labradío secaño			23,54			
51	Civeira Fariña José	36016A35401943	Dozón	354	01943	Marco, O	Matogueira			69,77			
52	Lorenzo Civeira José María	36016A35402097	Dozón	354	02097	Agüeiros	Matogueira			24,15	35,52		





Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
53	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401894	Dozón	354	01894	Coto Fariña	Matogueira			9,33			
54	Lorenzo Civeira José María	36016A35401890	Dozón	354	01890	Coto Fariña	Matogueira			21,74			
55	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401889	Dozón	354	01889	Coto Fariña	Matogueira			16,50			
56	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401971	Dozón	354	01971	Mámoa, A	Matogueira			45,97	153,94		
57	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35401965	Dozón	354	01965	Mámoa, A	Matogueira			192,79			
58	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35402115	Dozón	354	02115	Brañas	Labor ou labradío secaño			78,88			
59	Fraga Pérez Isolina	36016A35402084	Dozón	354	02084	Mámoa, A	Matogueira			65,96	108,97		
60	Fraga Pérez José	36016A03001134	Dozón	030	01134	Castrillón	Matogueira			131,48			
61	Blanco Fraga María Manuela	36016A03001131	Dozón	030	01131	Chousa de Vales	Matogueira			248,41			
62	Reboredo Fariña Anunciación	36016A03001132	Dozón	030	01132	Castrillón	Matogueira			263,20			
63	Fraga Pérez Isolina	36016A03001128	Dozón	030	01128	Castrillón	Matogueira			492,39			
64	Civeira Fariña José	36016A03001129	Dozón	030	01129	Castrillón	Matogueira			117,53			
65	Nóvoa Fariña Manuel	36016A03000697	Dozón	030	00697	Chousa Vella	Matogueira			356,69			255,32
66	Fraga Pérez David	36016A03000793	Dozón	030	00793	Revoltas	Matogueira			147,34	111,14		
67	Fernández Crespo Florentina	36016A03000792	Dozón	030	00792	Revoltas	Matogueira			123,00	88,81		
68	Lorenzo Rodríguez Josefa	36016A03000784	Dozón	030	00784	Moas	Matogueira			11,13	23,66		
69	Fraga Pérez David	36016A03000782	Dozón	030	00782	Cruceiro	Matogueira			171,20	115,85		
70	Fraga Pérez Elvira	36016A03000776	Dozón	030	00776	Revoltas	Matogueira			103,30	75,13		391,13
71	Fraga Pérez David	36016A03000772	Dozón	030	00772	Revoltas	Matogueira			324,76	208,47		



Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
72	Descoñecido	36016A02800295	Dozón	028	00295	Moas	Matogueira			33,27	25,23		
73	Carbajal Fraga Amador	36016A03001015	Dozón	030	01015	Chousa Vella	Matogueira			41,70			
74	Nóvoa Fariña Manuel	36016A25401018	Dozón	254	01018	Leira Nova	Labor ou labradío secaño			32,29			
75	Nóvoa Fariña Manuel	36016A35402111	Dozón	354	02111	Brañas	Labor ou labradío secaño			28,07			
76	Cervela González Albino	32062A07100009	Piñor	071	00009	Peón de Abaixo	Matogueira			840,18	154,15		
77	Muñoz Bernárdez Camilo	32062A07000023	Piñor	070	00023	Peón de Arriba	Matogueira			16,32	167,58		
78	Muñoz Bernárdez Adelina	32062A07000026	Piñor	070	00026	Peón de Arriba	Matogueira			13,62	55,01		
79	Bernárdez Bernárdez Benjamín	32062A07100004	Piñor	071	00004	Peón de Abaixo	Matogueira			21,99			
80	Civeira Rodríguez María Luisa	32062A07100022	Piñor	071	00022	Chousa Vales	Matogueira			221,36			733,54
81	Rodríguez Rodríguez Elita	32062A07100020	Piñor	071	00020	Peón de Abaixo	Matogueira			98,15	40,59		
82	Cervela González Albino	32062A07100019	Piñor	071	00019	Chousa de Vales	Matogueira			0,30			114,49
83	Fernández Civeira Susana Sara	32062A07100014	Piñor	071	00014	Peón de Abaixo	Matogueira			118,46	51,57		
84	Nogueira Ferradas Manuel	32036A00900001	O Irixo	009	00001	Porta Salgueiro	Matogueira				13,09		
85	Dacosta Pérez Jesús	32036A01000257	O Irixo	010	00257	Coto	Matogueira				39,97		
86	Descoñecido	32036A01000416	O Irixo	010	00416	Tras das Chousas	Piñeral madeireiro				64,51		
87	Soto Pérez Esperanza	32036A01000436	O Irixo	010	00436	Tras das Chousas	Matogueira				12,29		





Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
88	Nogueira Ferradas Manuel	32036A01000438	O Irixo	010	00438	Tras das Chousas	Matogueira				15,61		
89	Fraga Pérez Isolina	36016A35401901	Dozón	354	01901	Pulgan Trozo 1	Matogueira				12,33		
90	Fraga Fariña Modesto	36016A35401903	Dozón	354	01903	Pulgan Trozo 2	Matogueira				37,73		
91	Fernández Guerra Antonio	36016A02800290	Dozón	028	00290	Moas	Matogueira				161,45		
92	Rodríguez Raimunde María Florentina	36016A02800291	Dozón	028	00291	Moas	Matogueira				207,18		
93	Calviño Couso Socorro	36016A35460001	Dozón	354	60001	0	0				94,48		
94	López Dobarro Pedro	36016A35401902	Dozón	354	01902	Pulgan Trozo 1	Matogueira				28,06		
96	Reboredo González María Carmen	36016A35401028	Dozón	354	01028	Brañas	Matogueira				983,57		
97	Lois Manuel	32062A07100080	Piñor	071	00080	Chousa Vales	Matogueira				2,80		
98	Nogueira Ferradas Manuel	32062A07100073	Piñor	071	00073	Chousa Vales	Matogueira				99,21		
99	Cibeiras de Castro Dozón	32062A07000003	Piñor	070	00003	Peón de Arriba	Matogueira				173,31		
100	Nogueira Gallego María	32062A07000011	Piñor	070	00011	Trenza Chouso Ferrei	Matogueira				96,46		
101	Cervela González Albino	32062A07000007	Piñor	070	00007	Peón de Arriba	Matogueira				164,76		
102	Cibeira Cibeira José	32062A07100069	Piñor	071	00069	Chousa de Vales	Matogueira				72,05		
103	Cibeira Cibeira José	32062A07100055	Piñor	071	00055	Peón de Abaixo	Matogueira				15,80		
104	López Beltrán Esperanza	32062A07100033	Piñor	071	00033	Chousa Vales	Matogueira				4,63		





Núm. parcela segundo proxecto	Titular catastral	Datos catastrais da parcela						Afeccións (m²)					
								Pleno dominio		Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
		Referencia catastral	Concello	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	Vía	Gabia		
105	Fernández Lorenzo José Luis	32062A07000018	Piñor	070	00018	Peón de Arriba	Matogueira				218,14		
106	Cervela González Albino	32062A07000021	Piñor	070	00021	Peón de Arriba	Matogueira				244,20		
107	Guerra Castro Rosa	32062A07000001	Piñor	070	00001	Peón de Arriba	Matogueira				22,05		
108	Descoñecido	32062A07100039	Piñor	071	00039	Chouso de Vales	Matogueira				41,41		
109	González Fariñas María	32062A07100036	Piñor	071	00036	Chouso de Vales	Matogueira				123,87		
110	Reboredo González Camilo	32062A07100037	Piñor	071	00037	Chouso de Vales	Matogueira				3,98		

Afeccións parque eólico en metros cadrados (m²):

- Superficie de pleno dominio:
 - Cimentación (Cim.): cimentación do aeroxerador.
 - Plataforma (Plat.): plataforma de montaxe do aeroxerador.
- Servidume de paso:
 - Vías: dereito de paso polas vías en que circularán os transportes para a construción, vixilancia, conservación e reparación das instalacións do parque eólico.
 - Gabia: servidume de paso da liña eléctrica soterrada.
- Servidume de voo das pas dos aeroxeradores (Serv. voo).
- Outras afeccións:
 - Ocupación temporal (O. Temp.): ocupación de terreos durante o período de duración das obras. Serve temporalmente como provisión de materiais, montaxe de guindastres, provisión de pas e outros compoñentes dos aeroxeradores, etc.